



1. Elixer, en cada enunciado do texto, se é unha frase ou unha oración.



Unha decisión difícil

A avoa preguntou que quero para xantar. ☐ Mmm, que difícil! ☐

Gústame tantas cousas... ☐ Peixe? ☐ Polo asado? ☐

Ou unha boa paella? ☐ Non, xa o sei! ☐ Pedireille lentellas! ☐

A avoa fainas con espinacas, cenoria e chourizo. ☐ Boísimas! ☐

2. Marca os complementos circunstanciais que atopes.

- O meu curmán Xoán e os seus pais viven en Muxía. **TEMPO – MODO - LUGAR**
- Iremos visitar a Guillermo pola tarde. **TEMPO – LUGAR – MODO - INSTRUMENTO**
- Sabela canta de marabilla calquera canción. **TEMPO – LUGAR– MODO - CANTIDADE**
- A empanada de mexillón gústame moitísimo! **LUGAR – CANTIDADE – MODO - TEMPO**
- Cada dúas horas lava ben as mans. **CANTIDADE – MODO – FRECUENCIA - LUGAR**
- Fai cen anos non había televisión nas casas. **LUGAR – CANTIDADE – TEMPO – MODO**

3. Escolle o tipo de predicado destas oracións.

- A ferraxaría da praza vella é a mellor da cidade.
- Helena regaloulle un móbil á súa curmá Pepa.
- O camiño de arriba está desfeito polo paso de camións.
- A tempestade arrincou varios piñeiros do parque.
- Esta novela parece moi interesante.



4. Indica se o suxeito de cada oración é léxico ou gramatical.

- A miña irmá ten dous anos.

LÉXICO

GRAMATICAL

- Advertiume do perigo.

LÉXICO

GRAMATICAL

- A mochila de Roi é verde.

LÉXICO

GRAMATICAL

- Chegaremos moi tarde.

LÉXICO

GRAMATICAL

5. Indica que tipo de complemento é o sinalado.

- O pai cántalles cancións.
- Quero un café.
- Ana levou o regalo de aniversario á avoa.
- Non tivo que preguntar o enderezo.
- Cando ensinarás as fotos de París?



6. Completa as oracións.

- Os rapaces camiñaban... 
- A policía parecía... 
- Escoitaba_____ as indicacións. 
- O encontro será ... 

- A. nun lugar secreto.
- B. despistados.
- C. atento
- D. preocupada.

7. Indica que tipo de complemento que son os anteriores.

- A. nun lugar secreto
- C. atento

- B. despistados.
- D. preocupada.